



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes  
Sección de Deportes

## RESOLUCIÓN POLA QUE É NOMEADO O XURADO DOS “III PREMIOS DO DEPORTE DEPUTACIÓN DA CORUÑA”

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña:

De conformidade coas Bases reguladoras dos “III Premios do deporte Deputación da Coruña”, publicadas no BOP número 249, do 27 de decembro de 2024.

Logo de ver os informes da Sección de Deportes e do Servizo de Fiscalización,

### RESOLVO:

**Primeiro.-** Nomear ao xurado dos premios que estará composto polas seguintes persoas:

**Presidente:** Antonio Leira Piñeiro, Deputado de Deportes

**Vogais:** Francisco José Hermida Abelleira, Paulo Alonso Lois, Leticia García Chas, Susana López Carbia e Miriam Tembras Pajón,

**Secretaria:** Manuela Muñiz Souto, xefa do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes, ou, no caso da súa ausencia, Sofía Agrafojo Rey, xefa da Sección de Deportes.

**Segundo.-** Fixar os honorarios que se aboarán as persoas do xurado de acordo co seguinte:

| Expediente     | Nome e apelidos                  | DNI       | Importe honorarios |
|----------------|----------------------------------|-----------|--------------------|
| 2025000001440  | Francisco José Hermida Abelleira | 36124515W | 800,00 €           |
| 2025000001444  | Paulo Alonso Lois                | 46896874N | 800,00 €           |
| 2025000001447  | Leticia García Chas              | 46899635J | 800,00 €           |
| 20250000014464 | Susana López Carbia              | 76825892G | 800,00 €           |
| 2025000001465  | Miriam Tembras Pajón             | 32688018G | 800,00 €           |

**Terceiro.-** Imputar o gasto correspondente aos honorarios, por importe total de 4.000,00 €, á partida 0612/3411/22609, fase A, operación 220250000599 do vixente Orzamento.

Os honorarios están suxeitos á retención do IRPF.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.